

CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR



Situación: C/Eduardo Cabello, s/n
36208 VIGO (Pontevedra)
Teléfono: 986 247 047
Fax: 986 29 45 87
www.cetmar.org
info@cetmar.org



CETMAR é unha Fundación creada en 2001 e promovida pola Xunta de Galicia (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Consellería de Innovación e Industria) e o Ministerio de Educación e Ciencia. No seu Padroado están presentes, ademais das entidades promotoras, as tres Universidades galegas, o Instituto Español de Oceanografía, o CSIC, a Secretaría Xeral do Mar (MARM), a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia Española de Seguridade Alimentaria (Ministerio de Sanidade e Consumo) e CECOPECA.

O seu obxectivo é contribuír a mellorar as condicións para o desenvolvemento sostible dos recursos mariños e, neste marco, contribuír a mellorar a eficiencia dos sectores da pesca, a acuicultura, a transformación dos produtos pesqueiros e todas aquelas actividades directa ou indirectamente relacionadas co uso e a explotación do mar e os seus recursos. As súas principais estratexias oríentanse á consecución dun maior grao de cooperación interinstitucional e integración interdisciplinar dos recursos de I+D do seu entorno, o desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías mariñas e unha maior implicación do sector produtivo obxectivo no desenvolvemento de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Como Fundación de interese galego, CETMAR desenvolve as súas actividades non só na Comunidade Autónoma de Galicia, senón tamén emprendendo iniciativas no eido nacional, europeo e internacional. Son beneficiarios da súa actividade tódolos sectores públicos e privados, da Unión Europea e de terceiros países relacionados co mar e os seus produtos.

Recursos humanos

O persoal do CETMAR está formado por un equipo de 83 traballadores, dos que un 55% son mulleres e un 45%, homes. De todos eles, un 61% posúen titulación universitaria.

Organización / Áreas de traballo

O CETMAR está estruturado en sete áreas de traballo distintas:

- Área xerencial.
- Área de control e xestión do medio e os recursos mariños.
- Área de tecnoloxía dos produtos pesqueiros.
- Área de socio-economía da pesca.
- Área de promoción e transferencia da tecnoloxía.
- Área de formación.
- Área de cooperación internacional.
- Unidade de tecnoloxías mariñas



Instalacións / Equipamento

CETMAR conta coas instalacións do Centro no Peirao de Bouzas, en Vigo. Dispón dunha sala multimedia con capacidade para 100 persoas, con tradución, equipamento audiovisual e videoconferencia.

Servizos

Nos eidos rexional, nacional, comunitario e internacional CETMAR ofrece servizos como: consultoría de proxectos, servizos de información e elaboración de análises, servizos tecnolóxicos avanzados no campo das tecnoloxías mariñas, actividades de formación, organización de eventos, desenvolvemento de servizos on-line (bases de datos, foros) e servizos para a Administración, como coordinación e xestión de proxectos, asesoría, etc.

Proxectos destacados

- "Acción estratéxica sobre biotoxinas mariñas (EPITOX)".
- "Rede tecnolóxica sobre prevención e resposta a vertidos e a contaminación (PREVECM)".
- "Aproveitamento de enerxía das olas (PSE-MAR)".
- "Plataforma tecnolóxica galega da pesca (TECNOPEIXE)".
- "Seaside reorientation activities (SEREA)".
- "Módulos on-line para formación en idiomas no ámbito da acuicultura (PESCALEX)".
- "Reforzo dos niveis de formación no Namibian Maritime and Fisheries Institute (NANFI)".
- "Apoio ao desenrrolo da acuicultura rural en América latina e Caribe (AQUAMAR)".

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O Centro, ademais das relacións coas institucións que forman parte de seu Padroado, ten subscritas numerosas colaboracións e convenios con diferentes institucións e asociacións, tanto no eido rexional, como nacional ou internacional, entre outras:

- Portos de Galicia.
- Parlamento Europeo.
- Organización del Sector Pesquero y Acuicultura del Istmo Centroamericano (OSPESCA).
- Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID).
- Ministry of Fisheries and Marine Resources of The Republic of Namibia.
- Instituto Tecnológico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR).
- Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).
- Mexillón de Galicia.
- IFREMAR.



Acreditacións e certificacións

O Centro está en proceso de obter a certificación ISO 9001 de calidade.